

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO DE 2024 DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**

Os Concellos galegos conmemoramos este 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, reafirmando o noso compromiso coa igualdade de xénero en todos os espazos da vida política e social local. Asumimos a necesidade de avanzar cara a unha representación paritaria de mulleres e homes nas corporacións locais. O incremento nos últimos vinte anos de dezaoito alcaldesas no ano 2003 a setenta e unha alcaldesas no ano 2023, é un paso importante, mais insuficiente que mostra ás claras a brecha na representatividade de máis do 50% da poboación nos espazos máis importantes de toma de decisións do eido local.

As alcaldesas supoñemos un 22% da totalidade, ascendendo ao No caso das concelleiras a porcentaxe ascende ao 40% no caso das Concelleiras. E nas deputacións provinciais o 36 % son deputadas fronte ao 64% de deputados. As catro presidencias das deputacións contan todas elas con presidentes. Os datos amosan a realidade dos teitos de cristal e a posibilidade de desenvolver as carreiras profesionais e no ámbito político para as mulleres e tamén na participación social local

Os concellos galegos debemos recoñecer estes avances en reforzo de todo o labor que aínda queda por desenvolver ata conseguir que os concellos galegos sexan espazos onde a igualdade sexa unha realidade; abordando tanto as barreiras estruturais como as actitudes e percepcións que perpetúan a discriminación, e garantindo que todas as persoas accedan as mesmas oportunidades.

Por iso, desde o Concello de Barreiros poñemos todos os esforzos en acadar os compromisos seguintes:

1.- Promover a participación activa das mulleres na vida política e social local, mediante accións de sensibilización, capacitación e fomento do liderado feminino que permitan una representatividade real das mulleres nas corporacións.

2.- Incorporar a perspectiva de xénero en todas as nosas políticas e programas, garantindo que se tomen en conta as necesidades e realidades específicas de mulleres e nenas nas nosas accións.

3.- Aplicar medidas para garantir a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa de mulleres en todos os niveis e sectores laborais.

4.- Impulsar campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, dando apoio integral ás mulleres vítimas e traballando na erradicación da violencia machista.

Igualmente debemos ser firmes na esixencia de medidas urxentes desde o goberno galego para avanzar en igualdade no ámbito xeral, polo que cómpre impulsar desde os concellos os seguintes compromisos:

a) Apostar pola igualdade no ensino, recuperando a oferta da materia de Igualdade de xénero eliminada no curso 2023-24 para o vindeiro curso e apostando pola formación transversal do persoal educativo en materia de igualdade e para o respecto á diversidade afectiva sexual; estender e asegurar protocolos contra o acoso lgtbifóbico e a inclusión da diversidade sexual e de xénero nos programas docentes.

b) Impulso dunha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente polas Administracións de cara a blindar o cumprimento dos convenios colectivos, eliminar a fenda salarial e mellorar as súas condicións de traballo, singularmente en ámbitos especialmente sensibles como o da limpeza.

c) Impulso dunha lei de igualdade no deporte na que se incorporen, entre outras medidas, a creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte para a protección das deportistas sobre os ataques machistas e lgtbfóbicos e que contará con potestade sancionadora; o Observatorio Galego da Igualdade no Deporte, protocolos específicos, plans de conciliación familiar e fomento da visibilidade do deporte feminino nos centros educativos e nos medios audiovisuais, en especial no que ten a ver coa CRTVG.

Neste mandato teñen que seguir dándose pasos cara a igualdade, tanto no ámbito local como no ámbito galego, polo que traballar a prol dos dereitos das mulleres é -debe ser- un compromiso prioritario que atravesese todas as áreas e políticas do goberno e seguiremos traballando nesa liña para conquistar a igualdade plena, loitando para avanzar da man do feminismo. Cando o feminismo avanza, ninguén queda atrás.